



II ACTA CONCURSO DE CARTEIS 'QUIN ALBORÉS' - NIGRANJAZZ 2026

Nigrán, 28 de maio de 2026

O Xurado do 'Concurso de Carteis Quin Alborés-Nigranjazz 2026', despois de ter anunciado públicamente o gañador do certame desta edición ao pendurar o 21.05.26 na web municipal tanto a acta de resolución como a proposta elixida, foi informado mediante un mail particular o luns 25.05.26 de que existía un cartel de 2016 do Festival de Jazz Costa Brava Palafrugell do ano 2016 con parecidos sorprendentes.

Ante esta situación, o Xurado reúnese telemáticamente o mesmo 25.05.26 ás 10:00 horas e examina ambos carteis chegando á conclusión unánime e indubidable de que a proposta gañadora 'Son gravado nas pedras', de Beñat Soliño Portugal, é un claro caso de plaxio parcial, constituíndo unha violación indubidable dos dereitos de autor e supondo unha descalificación inmediata, tal e como advirten as propias bases do certame no apartado das 'Funcións do xurado', onde tamén se indica que o Concello pode tomar accións legais ao respecto.

Igualmente, o Xurado comunica mediante mail ese mesmo 25.05.26 a decisión tomada e Beñat Soliño Portugal responde en 11 minutos dando unha longa explicación na que alega “que no existe plagio sino una proposta original y conceptualmente independente” e enumera todas as diferencias existentes entre ambos carteis solicitando unha revisión da decisión tomada.

O Xurado deste certame reitera claramente a existencia dun plaxio parcial da obra, onde se toman elementos e conceptos do cartel do festival de Palafrugell de 2016 que non se poden atribuir nin á inspiración nin á casualidade e que, polo tanto, viola os dereitos de autor e prexudica ao propio concurso de carteis, reservándose por este motivo o dereito de tomar accións legais.

Tras esta descalificación, o Xurado, nunha segunda reunión telemática o 25.05.26 ás 12:00 horas toma a **decisión unánime de nomear gañadora do Concurso de Carteis Quin Alborés-Nigránjazz 2026 a quen resultara Mención Especial, Ana María Varela Ramos, coa proposta ‘Jazz en flor’,** da que o Xurado xa destacara na acta do 21.05.26 que era “unha proposta gráfica igual de excelente” e que quedara en segunda posición tras ‘Son Gravado das pedras’.

Asinan o acta os 6 membros do xurado:

Juan A. González Pérez- Alcalde e Presidente do Xurado

Felipe Villar Andrade - Secretario e director do Nigranjazz

Olalla Fernández Álvarez - Vogal. Deseñadora gráfica

Álvaro Fernández Alborés - Vogal. Irmá de Quin Alborés

Natalia Gomes Iglesias - Vogal. Deseñadora gráfica

María Villar Andrade – Vogal, responsable de Comunicación do Concello de Nigrán